3. Traballar no exterior
3.1. Traballar nas Institucións da UE

Os funcionarios da UE desempeñan un posto de traballo permanente nalgunha das súas institucións, órganos ou organismos. O acceso á condición de funcionario europeo realízase unha vez superados os procesos de selección que organiza a Oficina de Selección do Persoal das Comunidades Europeas (EPSO), publicados na súa web e no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE).

FUNCIONARIOS DA UNIÓN EUROPEA

Lugar

Institucións, axencias e organismos da UE.

Prazos de solicitude

- AD: soen convocarse na primavera de cada ano, e desenvolvense durante o verán e outono.
- AST e AST/AC: soen convocarse na no inverno de cada ano, desenvolvéndose durante a primavera e verán do ano seguinte.

Para máis información: europa.eu

Proceso de selección

No caso de superar todas as fases do proceso de selección, o candidato é incluído nunha lista de reserva a partir da cal se procederá ás futuras contratacións, sen que o feito de estar na lista implique ningún dereito á súa contratación.